

SOUTOMAIOR**A N U N C I O**

De conformidade có disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, procédese á publicación do presente Regulamento, unha vez aprobado definitivamente polo Concello.

ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.**ARTIGO 1.—OBJECTO DA ORDENANZA.**

A presente ordenanza ten por obxecto a regulamentación dos establecementos denominados furanchos no Concello de Soutomaior, no marco do Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia (RFG) e da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia (LTG). Dita normativa será en todo caso de aplicación coas peculiaridades recollidas na presente ordenanza en relación ao ámbito territorial do Concello de Soutomaior.

ARTIGO 2.—DEFINICIÓN DE FURANCHOS E DOS SEUS TITULARES.

Teñen a consideración de furanchos os locais utilizados principalmente como vivenda privada onde os/as seus/súas propietarios/as venden o excedente do viño da colleita propia xunto coas tapas que, de acordo co previsto no presente ordenanza, lles sirvan de acompañamento. Dito excedente será, como máximo, o que se obteña de aplicar á superficie da súa viña un rendemento máximo de 0,65 litros por metro cadrado.

A efectos da presente ordenanza serán titulares dos furanchos aquelas persoas que acrediten a titularidade de viñas propias no Rexistro Vitícola de Galicia, segundo o disposto no artigo 5 do RFG.

ARTIGO 3.—DELIMITACIÓN ZONAS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE DOS FURANCHOS.

Se autorizan os furanchos en todo o término municipal.

ARTIGO 4.—DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR ANTES DO INICIO DA ACTIVIDADE.

Os/as colleiteiros/as que pretendan desenvolver a actividade de furanchos, deberán presentar no Concello, cunha antelación mínima de un mes con respecto ao inicio da actividade, unha declaración responsable, consonte co modelo recollido no Anexo II do RFG acompañada da documentación á que se refire o artigo 5.3 do RFG. Anexo I desta Ordenanza.

ARTIGO 5.—CONTROL E INSPECCIÓN POLO CONCELLO.

Presentada a devandita documentación o Concello de Soutomaior comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación, resolvendo, no prazo máximo de seis meses, sobre a conformidade ou non do declarado e practicando a oportuna inspección no Rexistro Municipal de Furanchos.

Aparte do anterior, o Concello reservase a facultade de constatar en calquera momento a observancia e cumprimento das condicións necesarias para o desenvolvemento da actividade.

ARTIGO 6.—APERTURA FURANCHOS EN PERÍODOS SUCESIVOS.

Unha vez inscrito o furancho no citado Rexistro, e para anos sucesivos, os titulares deberán acreditar ante o Concello, cunha antelación mínima de 15 días con respecto á data de inicio do funcionamento, ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola ante o órgano correspondente da consellería competente en materia de agricultura. Sen o cumprimento deste requisito non poderán reanudar a actividade no ano correspondente.

*ARTIGO 7.—CAMBIO DE PERÍODO DE APERTURA DOS FURANCHOS.*

O/A titular do furancho deberá comunicar por escrito o cambio do período de apertura anual de funcionamento do furancho, cunha antelación mínima de quince días con respecto á data de inicio do seu funcionamento, que deberá axustarse ao disposto no artigo 4 da presente ordenanza.

ARTIGO 8.—CAUSA DE PECHE ANTICIPADO.

O esgotamento ou falta de colleita de viño nun ano, será causa xustificada para o peche do establecemento, sen que supoña unha baixa da actividade. Non obstante, os/as titular/es estarán obrigados a comunicar tal circunstancia ao concello de Soutomaior, para a correspondente anotación rexistral do peche temporal, no prazo de quince días contados con anterioridade á data prevista para o peche.

ARTIGO 9.—TAPAS QUE PODEN OFERTAR OS FURANCHOS

Nos furanchos poderanse ofertar exclusivamente cinco tapas das establecidas no Anexo I do RFG. Anexo II desta Ordenanza.

ARTIGO 10.—REQUISITOS HIXIÉNICO-SANITARIOS.

En todo caso, os titulares dos furanchos deberán observar os requisitos hixiénico-sanitarios establecidos no capítulo III e nos capítulos V a XII do anexo II do regulamento 852/2004, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, sempre que se cumpra que actividade que leva a cabo o furancho se axusta ao indicado no capítulo III, así como, os establecidos no Real Decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, aplicándose esta normativa, tendo en conta as características singulares e especiais da actividade dos furanchos.

ARTIGO 11.—IDENTIFICACIÓN DOS FURANCHOS.

Os furanchos exporán, en lugar visible, unha placa identificativa coa clasificación de furancho, e exhibirán o ramallo de loureiro, que se renovará anualmente.

ARTIGO 12.—HORARIO DE APERTURA DOS FURANCHOS.

O horario de apertura dos furanchos establecerase dende as 12:00 horas ás 15:00 horas e das 19:00 horas ás 24:00 horas. Este horario poderá ser ampliado unha hora máis as noites que vaian de xoves a venres, de venres a sábado, de sábado a domingo, así como as noites anteriores aos festivos e a do festivo.

ARTIGO 13.—TRANSMISIÓN DOS FURANCHOS.

O/A antigo/a titular do furancho e o/a novo/a titular deberán comunicar por escrito ao Concello o cambio de titularidade do furancho, consonte coa documentación e modelo recollidos no artigo 13 e Anexo III do RFG, quedando o novo titular suxeito a todas as obrigas que se deriven do exercicio da actividade. Anexo IIII desta Ordenanza.

No caso de facerse o cambio de titularidade antes do inicio da tempada de apertura do furancho, deberase comunicar cunha antelación mínima de 15 días e se o cambio se efectúa durante o período de apertura do furancho, só poderá desenvolverse a actividade para esa tempada anual, polo novo titular, polo tempo que reste ata o remate do período de apertura que fora comunicado no seu día polo anterior titular.

ARTIGO 14.—DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

Conforme o establecido no artigo 4 da presente ordenanza, os/as titular/es dos furanchos deberán contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que deberá recoller o seguinte contido:

- a) Deberá cubrir os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade que cubra a contía mínima de 90.000 euros.
- b) No suposto de que a póliza inclúa franquías, o límite máximo destas non poderá superar os 120 euros.
- c) Os titulares dos establecementos están obrigados a manter en permanente vixencia dita póliza.

*ARTIGO 15.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.*

O incumprimento do preceptuado nesta Ordenanza dará lugar á aplicación da normativa sancionadora vixente no ámbito das competencias sectoriais propias das administracións afectadas, de conformidade coas infraccións e sancións tipificadas na Lei de turismo de Galicia.

ARTIGO 16.—INTRUSIÓN PROFESIONAL.

A realización ou a publicidade, por parte dos furanchos, da actividade propia das empresas de restauración reguladas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, en contravención dos requisitos que lles son esixibles para o seu inicio, terán a consideración de intrusión profesional e sancionaranse administrativamente consonte o establecido na citada lei.

ARTIGO 17.—SUXEITOS RESPONSABLES.

1. Serán responsables administrativamente das infraccións cometidas nas materias relacionadas co funcionamento dos furanchos as persoas que figuren como titulares destes.

2. No caso de que sexan varias as persoas titulares, responderán de forma solidaria das infraccións cometidas e das sancións que se impoñan ao respecto.

ARTIGO 18.—CONCORRENCIA DE SANCIÓN E VINCULACIÓN COA ORDE XURISDICCIONAL PENAL.

Non se poderán sancionar simultaneamente uns mesmos feitos constitutivos de infraccións penais e administrativas, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

Se da investigación dos feitos constitutivos das infraccións tipificadas nesta ordenanza se obteñen indicios de que estes poden constituír delicto ou falta, suspenderase o procedemento e daráselle conta ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo da adopción das medidas provisionais oportunas.

ARTIGO 19.—INFRACCIÓN LEVE.

Considéranse infraccións administrativas de carácter leve as previstas no artigo 109 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) A venda de produtos alimenticios que non sexan os especificados na presente ordenanza ou xunto coa declaración responsable presentada polo responsable.
- b) A modificación do período de apertura sen presentar unha nova solicitude ao Concello.
- c) A falta de comunicación ao Concello de Soutomaior nos supostos de transmisión e cambio de titularidade do furancho.
- d) A falta de comunicación ao Concello de Soutomaior de calquera cambio que afecte o funcionamento do furancho, así como o cesamento da súa actividade, e a motivación dos ditos feitos.
- e) Non mostrar o distintivo oficial na entrada do furancho.
- f) Calquera incumprimento da normativa que non resulte cualificable como grave ou moi grave.

ARTIGO 20.—INFRACCIÓN GRAVE.

Considéranse infraccións administrativas de carácter grave as previstas no artigo 110 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) O exercicio da actividade fóra da tempada autorizada para cadanseu furancho do xeito previsto na presente ordenanza.
- b) O incumprimento dos requisitos exisidos no artigo 4 apartados d) ou e) do RFG, caso de que dito incumprimento non sexa reiterado e non afecte gravemente á saúde pública.
- c) Non facilitar anualmente a declaración obrigatoria á que se refire o artigo 4 b) do RFG ou non ter regularizada a viña no Rexistro Vitícola de Galicia do xeito previsto no apartado c) do mesmo artigo.
- d) A subministración de viño embotellado.
- e) A non presentación da declaración responsable previa ao da documentación esixida no artigo 5 da presente ordenanza.



- f) A venda de viño non orixinario do excedente do consumo propio procedente exclusivamente das súas viñas.
- g) A comisión de tres faltas leves nunha mesma tempada de funcionamento.

ARTIGO 21.—INFRACCIÓNS MOI GRAVES.

Considéranse infraccións administrativas de carácter moi grave as previstas no artigo 111 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) Incumprimento dos requisitos existidos no artigo 4 apartados d) ou e) do RFG, reiterado ou que entrañe especial gravidade para a saúde pública.
- b) Desenvolver a actividade nunha zona non expresamente declarada apta polo Concello para a mesma.

ARTIGO 22.—PRESCRICIÓN DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O réxime de prescrición das infraccións e sancións será o previsto nos artigos 113 e 118 da LTG, respectivamente.

ARTIGO 23.—SANCIÓN.

Para a gradación das sancións, estarase ao previsto no artigo 116 da LTG.

- Infraccións leves: Multas de 100 a 600 €.
- Infraccións graves: Multas de 601 a 3.000 €.
- Infraccións moi graves: Multas de 3.001 a 10.000 €.

ARTIGO 24.—SANCIÓN ACCESORIAS.

Poderanse impor as seguintes, accesorias das sancións graves ou moi graves.

- Clausura do establecemento de ata 1 mes caso de infraccións graves.
- Clausura definitiva do establecemento caso de infraccións moi graves.

ARTIGO 25.—PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

A tramitación do procedemento sancionador axustarase aos principios e procedementos establecidos con carácter xeral na normativa reguladora do exercicio da potestade sancionadora.

ARTIGO 26.—ÓRGANOS COMPETENTES PARA A IMPOSICIÓN DE SANCIÓN.

- Sancións por infraccións leves e graves: O Alcalde.
- Sancións por infraccións moi graves: O pleno do Concello.

ARTIGO 27.—DAS COMUNICACIÓN.

O Concello de Soutomaior comunicará, no exercicio das súas labores de inspección, ás autoridades autonómicas nas materias competentes, os incumprimentos detectados na actividade dos furanchos.

Do mesmo xeito, no suposto de que o Concello de Soutomaior teña constancia da prestación nos furanchos de servizos de restauración sen estar clasificados nalgún dos grupos de empresas de restauración que recolle o artigo 77 da Lei 7/2011, de turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, o porá en coñecemento de xeito inmediato, do órgano competente en materia de turismo.

ARTIGO 28.—REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS.

O Concello procederá a apertura dun Rexistro Municipal de Furanchos, para a inscrición de oficio de todos os furanchos que desexen exercer a súa actividade dentro do término municipal de Soutomaior

O concello de Soutomaior, dará traslado do seu contido aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

Os datos mínimos do Rexistro Municipal de Furanchos serán os establecidos no anexo III da presente ordenanza.

Soutomaior, 21 de agosto de 2013.— A Alcaldesa Acctal., M.^a Dolores Cernadas García. **2013007560**

**ANEXO I**

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR (Pontevedra)

Datos da persoa declarante:		Como titular do furancho:
Nome e apelidos:		NIF/NIE:
Domicilio:		Localidade:
Código postal:	Provincia:	Concello:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:

DECLARO, baixo a miña responsabilidade que se cumpren os requisitos necesarios para o exercicio da actividade de furancho n de _____ e que se manterán durante o desenvolvemento desta, no funcionamento que vai dende ____/____/____ ata ____/____/____

Lexislación aplicable:

Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA:

- Fotocopia compulsada do DNI do/a solicitante, salvo autorización expresa de consulta dos seus datos conforme o Decreto 215/2012 do 31 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
- Fotocopia compulsada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante utilización como furancho.
- Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas no Rexistro Vitícola de Galicia, da consellería competente en agricultura.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola á consellería competente en agricultura, salvo as excepcións previstas de conformidade coa normativa vitícola vixente.
- Documento que acredite a subscripción dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 215/2012 do 31 de outubro, así como o correspondente recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia.
- Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.
- Comunicación do período de apertura nos termos establecidos no artigo 7 do decreto 215/2012.
- Proxecto técnico asinado por facultativo/a competente con pronunciamiento expreso sobre o cumprimento da normativa técnica en prevención e protección contra incendios, a sanitaria fronte ao tabaquismo, así como aqueloutra que resulte legalmente aplicable.
- Análise do viño posto á venda.
- Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade desta.
- Anexo I coa relación das cinco tapas que se ofreceran no furancho.

Soutomaior, a ____ de _____ de _____

Sinatura,

No cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos entregados son confidenciais, non sendo de uso dos mesmos fóra do ámbito que xerou a súa entrega (BOE nº298 de 14-12-1999).

**ANEXO II****DECLARACION DAS TAPAS QUE SE OFRECERAN NO FURANCHO.**

Datos da persoa declarante:		Como titular do furancho:
Nome e apelidos:		NIF/NIE:
Domicilio:		Localidade:
Código postal:	Provincia:	Concello:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:

Lexislación aplicable:
Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

DECLARO, baixo a miña responsabilidade que as cinco tapas que se ofrecerán no furancho sito no en _____, son as que deseguido se sinalan:

- Táboa de embutidos-queixos.
- Pementos, variedade Padrón.
- Orella-chourizo.
- Zorza-raxo.
- Costela.
- Ovos fritos.
- Sardiñas ou xurelos á grella.
- Callos con garavanzos ou feixóns.
- Tortilla de patacas.
- Empanada-empanadillas.
- Croquetas.

E para que conste asino a presente, en Soutomaior, a ____ de _____ de _____

Sinatura

ANEXO III**COMUNICACIÓNS DE CAMBIOS, BAIXAS DE ACTIVIDADE E TRANSMISIÓNS DE TITULARIDADE**

Datos da persoa declarante:		Como titular do furancho:
Nome e apelidos:		NIF/NIE:
Domicilio:		Localidade:
Código postal:	Prov:	Concello:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:

EXPÓN:

Que pretende realizar as seguintes comunicacións:

Titular: nome do/a novo/a titular _____

Denominación: nome do furancho _____

Baixa: o mencionado furancho cesa na súa actividade con data do _____

Outras: _____

Por todo iso,
SOLICITA:
Que se teñan por realizados os cambios.

Lexislación aplicable:
Decreto 215/2012, do 31 de outubro de 2012, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Soutomaior, a ____ de _____ de _____

Sinatura,

**ANEXO IV****REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS****Nome titular:****DNI:****Denominación do furancho:****Parroquia:****Domicilio no que se atopa o furancho:****DATOS DO REXISTRO VITICOLA DE GALICIA**

- Titular:
- Superficie viña:
- Litros de viño a vender:

DATOS PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

- Compañía:
- Póliza número:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Data da declaración:
- Tapas a ofertar:
- Datos proxecto técnico:

- o Facultativo:
- o Data proxecto:

PERIODO APERTURA FURANCHO-Ano 2013:Modificacións anos sucesivos:**OBSERVACIÓNS**

- a) Inspeccións realizadas:
Cumpre Decreto 215/2012 do 31 de outubro
- Incumprimentos detectados:
- b) Expedientes sancionadores, no seu caso.
- c) Acreditación de ter realizado as declaración obrigatorias do sector vitivinícola (artigo 4 b) do RFG).

Data da declaración:

TRANSMISIÓN FURANCHO

- Novo/a titular:
- DNI:
- Data:

CANCELACIÓN

- Causa:
- Data: